

# ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES PARA O CURSO 2021/2022

As actividades extraescolares de este curso escolar van a depender en gran medida das condicións e restricións establecidas polas autoridades competentes en función da situación pandémica. Tratarase de ir recuperando pouco a pouco a actividade normal de anos anteriores.

E debido en gran parte a esta incerteza, haberá charlas, visitas, saídas ou outras actividades que xurdan e que se poderán incorporar sen estar incluídas nesta previsión. As datas das diferentes actividades de momento poden sufrir modificacións ou quedan aínda sen pechar.

## 1. DEPARTAMENTO DE ALEMÁN

1-Exposición das "SCHULTÜTEN":

Celebración típica do primeiro día de clase en Alemaña

DATA: Principios de Outubro

2-ELABORACION E CONCURSO DE FAROLILLOS:

Cos alumnos de 1º de ESO con motivo de San Martiño, arredor do 11 de novembro , faranse na clase e na casa uns farolillos que colocados no vestíbulo do instituto poderán votar profesores e alumnos.

3-INTERCAMBIO CON LEIPZIG: intercambio con Alemaña: preparación para o curso vindeiro. Alumnado de 3º de ESO.

4. (posible) Realización dunha viaxe a un espectáculo ou musical en alemán nunha cidade nacional. Alumnado de 1º,2ºBAC de alemán. 2º ou 3º trimestre. Dous o tres días de duración.

## 2. DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA

1º ESO: Visita Aula da natureza do río Rato ( terceira avaliación )

3º ESO: Visita Aula de interpretación no río Mandeo (Concello de Betanzos)

4º ESO: Visita xeolóxica guiada pola cidade de Lugo (primeira avaliación)

1º BAC: Bioloxía e Xeoloxía

Excursión de Xeoloxía, aínda por determinar o lugar (terceira avaliación)

2º BAC CTMA: Visita EDAR Lugo

2º BAC Bioloxía: Visita ó CACTUS de Lugo (segunda avaliación)

### **3. DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

1. Correlingua. Actividade que se desenvolverá, sempre que se permita, no mes de maio(aínda sen data)
2. Colaboración co Departamento de Galego en todas aquelas actividades que así o requiran.
3. En colaboración co DEPARTAMENTO de MÚSICA, realizaranse en datas sinaladas actividades que potencien o emprego da lingua galega.
4. En colaboración co Departamento de Relixión... realizaranse actividades en galego. Actividades que, como todos os anos, pretenden o fomento da lingua.
5. En colaboración co Departamento de Bioloxía... realizaranse actividades en galego. Como tradución de etiquetado.
6. Tamén se realizarán accións normalizadoras en colaboración co departamento de Química
7. Colaboración coa Biblioteca para continuar potenciando o uso do galego
8. En fase de elaboración, CONFERENCIAS sobre temas de interese para o alumnado tendo en conta os distintos ámbitos: xustiza, investigación , deporte, prensa, sociolingüística, historia ou arte de Lugo, educación...
9. Disposición de membros do Departamento de Inglés para colaborar na normalización da lingua

### **4. DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA**

- 1-Posible organización de charlas ao longo do curso.

### **5. DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN Física**

En función de como evolucione a situación do coronavirus, decidiremos que tipo de actividade podemos propoñer, todo baseado nos protocolos que cada unha das federacións aproba. O estándar básico de referencia é o "Fisicovid-DXTGalego

#### **1.- ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES**

- Roteiro de montaña para 1º e 2º de BAC
- Iniciación ao Surf . Para 1º e 2º da ESO
- Rutas de Sendeirismo. Para 3º e 4º da ESO e para 1º e 2º de Bacharelato

- Iniciación ao ski para 2º ESO (SAIDA DE 2 DÍAS /1 DÍA)
- Semana Branca/ Semana azul para 3º ESO
- Realización de varias etapas do camiño de Santiago.

## 2.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Estudiaremos diferentes propostas dentro do programa Xogade (programa deportivo da Xunta de Galicia), como as Carreiras de Orientación ..... Dirixido a ESO
- Iniciación ao Paddle para 1º e 2º de bacharelato.
- \_Saídas pola contorna do Centro (parque Rosalía, muralla) para 4º ESO, 1º BAC e 2º BAC
- CARREIRA SOLIDARIA ESO e BACH

## **6. DEPARTAMENTO DE LA FAMILIA PROFESIONAL DE QUIMICA**

SAÍDA GRUPOS TEMPORALIZACIÓN CACTUS 1º CICLO SUPERIOR 2º CICLO MEDIO 1º TRIMESTRE

AMSLAB 2º CICLO SUPERIOR 1º ou 2º TRIMESTRE

PLANTANDO CARA AO LUME 1º e 2º C. SUPERIOR 1º e 2º C. MEDIO \*PENDENTE de CONCRETAR as DATAS

LABORATORIO de XENÉTICA da USC 2º CICLO SUPERIOR 1º ou 2º TRIMESTRE

APPLUS 1º e 2º C. SUPERIOR 1º e 2º C. MEDIO 1º ou 2º TRIMESTRE

LABORATORIO de MEDIOAMBIENTE de GALICIA 1º e 2º C. SUPERIOR 1º e 2º C. MEDIO 1º ou 2º TRIMESTRE

INVECO 2º CICLO SUPERIOR 2º CICLO MEDIO 2º TRIMESTRE

ETAP + EDAR 1º CICLO SUPERIOR 1º CICLO MEDIO 3º TRIMESTRE

## **7. DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA**

- 3º Premio de Ensaio Filosófico para alumnado de Bacharelato.
- Obradoiro de Poesía no Camiño de Santiago para 1º BAC, 2º BAC
- Visitas a exposicións locais.
- Charlas:
  - Sobre problemáticas sociais (Valores éticos).

- Sobre Igualdade de xénero (Coeducación e Igualdade).
- Asistencia a xuízo penal (Ética e Filosofía do Dereito).
- Sobre problemáticas xuvenís (Psicoloxía).

As actividades realizaranse preferentemente no propio Instituto en horario lectivo.

En calquera caso axustaranse ós protocolos sanitarios en vigor.

## **8. DEPARTAMENTO DE FÍSICA e QUÍMICA**

Por mor da actual situación sanitaria non se programan actividades complementarias nin extraescolares, se ben déixase aberta a posibilidade de planificar algunha charla ou obradoiro telemático, así como a participar nalgunha actividade que xurda ao longo do curso e que se considere de interese para avanzar no proceso de ensino-aprendizaxe da materia e para a formación do alumnado.

## **9. DEPARTAMENTO DE INGLÉS**

Realizaremos as actividades que se veñen levando a cabo ao longo destes cursos escolares:

- celebración do Poppy Day,

- algunha actividade de Nadal en colaboración co alumnado que fai Teatro en - Inglés, etc.

Cabe a posibilidade de celebrar algún hito da cultura anglosaxona, probablemente como única necesidade serían los expositores do Hall do centro.

## **10. DEPARTAMENTOM DE LATIN E GREGO**

Este ano procuraremos desenvolver actividades ao aire libre, preferentemente en Lugo. Non haberá actividades con pernocta. Faremos roteiros, visitaremos o Museo Provincial , as Termas, a Ponte e Calzada Romanas e demais vestixios do Lucus Augusti romano. Participarán o Departamento Latín e Grego. As actividades extraescolares estarán dirixidas ao alumnado de BAC e ESO. Prestarémonos, tamén, para facilitar a tarefa con actividades que se desenvolvan no centro, concretamente, as relativas á conmemoración do día das Letras Galegas, Día da Muller e demais datas sinaladas no calendario lectivo. Se houbera Festival de Teatro Grecolatino no Gustavo Freire ( isto non o puxen en programa), tentaremos asistir a dúas obras ( unha comedia e unha traxedia). Procuraremos SAÍR do centro se se nos permite a facer "traballos de campo" por Lugo, visitando os principais centros museísticos e de interpretación, en 4º ESO e 1º BAC.

As datas quedan sen concretar.

## 11. DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA CASTELÁN

### **ALUMNOS DE DIFERENTES GRUPOS, EN ESPECIAL OS DA ESO (1º Y 2º).**

#### **CONCURSOS:**

- Coca Cola: alumnado de 2º de ESO.
- Fotografía literaria: Destinado ao alumnado de ESO e de BAC.
- Certame Literario: Destinado ao alumnado de ESO e de BAC.

21 DE MARZO: día internacional da poesía.

CELEBRAMOS o DÍA Do LIBRO: 23 DE ABRIL:

Posibilidade DE FACER ALGUNHA SAÍDA, AO MUSEO, POLA CIDADE, ... co alumnado de Oratoria.

**TEATRO:** varexamos a posibilidade de levar ao alumnado ao teatro, o ben dende o salón de actos ou a propia aula, ver algunha obra. Todo dependerá da oferta e das condicións sanitarias.

## 12. DEPARTAMENTO DE LINGUA e LITERATURA GALEGA

1. Correlingua. Actividade que se desenvolverá, sempre que se permita, no mes de maio(aínda sen data)
2. Colaboración con Dinamización lingüística en todas aquelas actividades que así o requiran.
3. En fase de elaboración, CONFERENCIAS sobre temas de interese para o alumnado tendo en conta os distintos ámbitos: xustiza, investigación , deporte, prensa, sociolingüística, historia ou arte de Lugo, educación...

## 13. DEPARTAMENTO DE MÚSICA.

- **Asistencia a algún concerto en vivo:** Realizaríase en función da oferta dispoñible.

Con esta actividade preténdense acadar os seguintes obxectivos:

1.
  - o Coñecer e respectar as normas que rexen o comportamento do público segundo o tipo de música que se interprete.
  - o Valorar a importancia da actitude do público na transmisión da música.
  - o Ampliar, diversificar e enriquecer os seus gustos musicais.

- o Comentar e debater posteriormente ó concerto ó que se asistiu, empregando a terminoloxía adecuada.
  - o Diferenciar e apreciar a música en directo fronte á música gravada.
  - o Observar a arquitectura das salas e dos lugares do concerto, en canto ás súas calidades acústicas, de visibilidade e tamén a súa estética.
- **Viaxe de estudos a Londres:** Destinado fundamentalmente ós alumnos da sección bilingüe (2º e/ou 3º de ESO) e en colaboración co Departamento de Tecnoloxía, que tamén imparte unha sección bilingüe. Realizaríase na semana marcada pola Dirección do Centro para as viaxes deste tipo. Tratarase de incluír na organización da viaxe, ademais das visitas culturais típicas da cidade de Londres (Museo Británico, Museo de Historia Natural, National Gallery, etc.), outras relacionadas coa música como poden ser a visita ao Royal Albert Hall, a asistencia a algún dos numerosos musicais de Londres ou a algún outro tipo de concerto.

Con esta actividade preténdense acadar os seguintes obxectivos:

1.
  - o Mellorar a súa capacidade de expresión en lingua inglesa.
  - o Coñecer os principais monumentos e museos da cidade de Londres.
  - o Ampliar, diversificar e enriquecer o seu coñecemento sobre a cultura inglesa.
  - o Comentar e debater posteriormente ó concerto ó que se asistiu, empregando a terminoloxía adecuada.
  - o Coñecer e respectar as normas que rexen o comportamento do público segundo o tipo de música que se interprete.
  - o Observar a arquitectura das salas e dos lugares do concerto, en canto ás súas calidades acústicas, de visibilidade e tamén a súa estética.

#### **14. DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN**

##### **ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS:**

- Presencia e testemuña dun misioneiro/a para intercambiar aspectos culturais e da fe cristiá con distintos países. Mes de outubro.
- 2x1. Reciclar e ser solidario. Todo o curso.

- Concurso de postais de Nadal. Mes de decembro.
- Montámolo Belén. Mes de decembro.
- Xornada mundial da paz. Mes de xaneiro.
- Certame de relatos curtos en galego sobre a solidariedade. Segundo trimestre.

#### **ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES:**

- **1º e 2º ESO:** Actividades relacionadas co Ano Xacobeo. Ó longo do curso.
- **3º e 4º ESO:** Visita guiada a Madrid, á Sé de “Mensajeros de la Paz” e Parque Warner. Terceiro trimestre.

#### **15. DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA**

**1. Seccións Bilingües de Tecnoloxía** é de Música: unha viaxe de estudos a Londres. Data aínda sen determinar pola situación do covid. Participarán arredor de 30 alumnos das Seccións Bilingües de 3º ESO. .

#### **16. DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA**

Sempre que as condicións sanitarias o permitan e os requisitos establecidos posibiliten a súa realización por parte do alumnado, considéranse de interese as seguintes actividades extraescolares:

1º ESO.

- Visita aos Museos Provincial e Diocesano.
- Visita ao Museo e ao Arquivo do Instituto.
- Visita ao Castro de Viladonga.
- Visita ao Centro de Interpretación da Muralla.
- Visita á Casa dos Mosaicos e á Domus do Mitreo.

2º ESO.

- Visita á Biblioteca Nodal e ao Arquivo Provincial.
- Visita ao centro histórico de Lugo e ao Museo Diocesano.
- Visita ao Vello Cárcere.
- Ruta polos ríos Rato e Miño para o estudo do seu patrimonio natural e material
- (caneiros, canles, muíños, pesqueiras, etc.).
- Visita á redacción do diario El Progreso.

3º ESO.

- Visita ao centro histórico de Lugo e aos Museos Provincial e Diocesano.
- Visita ao Museo e Arquivo do Instituto.
- Visita á redacción e á rotativa do diario El Progreso.

4º ESO e 1º BAC.

- Presentación de libro e charlas do militar e especialista en xeoestratexia Pedro Baños. Agárdase que se poidan celebrar no 2º trimestre.

2º BAC.

- Visita á exposición “Mulleres resistentes” no Vello Cárcere e posible participación no “Encontro con familiares de mulleres resistentes” impulsados pola Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica (ARMH). Podería ampliarse a 4º ESO e 1º BAC. <https://mujeresresistentes.eu/> Poderase participar con outros departamentos en actividades ou visitas a emprazamentos artísticos e instalacións empresariais.

## **17. BIBLIOTECA**

Principais conmemoracións nas que se presentarán exposicións:

- ⊞ 25 de novembro: Día Internacional contra a violencia de xénero
- ⊞ 29 de febreiro: Día de Rosalía
- ⊞ 8 de marzo: Día da muller traballadora
- ⊞ 23 de abril: Día do Libro
- ⊞ 17 de maio: Día das Letras Galegas

## **18. VICEDIRECCIÓN**

1. CARNAVALES.

Festival de Carnaval (pendente de disposición de lugar e condicións)

2. CARREIRA SOLIDARIA

Celebrarase entre o día 8 de maio en colaboración co Departamento de Educación.

Todo o alumnado de ESO e BAC correrán nas pistas e pavillón do IES Lucus Augusti.

3. VIAXE CULTURAL

Alumnado de 1º de BAC



4. Outros viaxes:

Poderá haber unhas viaxes culturais de un ou dous días organizado por Vicedirección para o alumnado. (Proxecto de Limpeza, Premio de Entroido, etc.)